

CEIP PLURILINGÜE  
BARRIÉ DE LA MAZA

PROXECTO  
LECTOR DE  
CENTRO

---

## **ÍNDICE**

### **1. INTRODUCCIÓN:**

1.1 LOE

1.2 Importancia da lectura

### **2. ANÁLISE DA SITUACIÓN DA LECTURA E DA ESCRITURA NO CENTRO**

2.1 Antecedentes

2.2 Datos da biblioteca

2.3 Fomento da lectura

### **3. OBXECTIVOS**

### **4. CONDICIÓNS PARA UNHA BOA LECTURA**

### **5. ACTIVIDADES**

### **6. AVALIACIÓN**

## **1- INTRODUCCIÓN**

Para desenvolver os obxectivos da LOE o noso centro está a elaborar o **proxecto lector**, co fin de articular un documento que integre todas as actuacións do centro destinadas ao fomento da lectura, da escritura e á adquisición das competencias básicas. A LOE, no artigo 19.2 enumera entre os seus principios a necesidade de fomentar desde os centros educativos a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da comunicación e da información e a educación en valores en todas as áreas.

Na práctica, os nenos e nenas que acceden a E. Primaria (6 anos), están preparados para ler, pero aínda deberán dedicar unha boa parte dos dous seguintes cursos (1º ciclo) a consolidar esas bases e a iniciar outros procesos máis complexos para acadar a competencia lingüística.

No 2º e no 3º ciclo debemos afianzar as técnicas de lectura e comprensión lectora , así como consolidar o gusto e o pracer pola lectura sentíndoa como vehículo para levarnos a coñecer outras formas de vida e outros lugares que quizais nunca poderemos visitar; escoitar a personaxes que non coñecemos, analizar argumentos diversos, coñecer distintas opinións, outras culturas...

A importancia da lectura en todos os ámbitos da vida cotiá, mostra o imprescindible de crear hábitos lectores. O desafío ante o que nos atopamos é, non so ensinar a ler, senón tamén fomentar o gusto pola lectura e pola expresión escrita . Nesta tarefa é imprescindible a implicación da familia.

Segundo teorías pedagóxicas, está demostrado que os nenos e nenas aos que se lles le na casa e ven ler aos maiores, están en mellores condicións para enfrentarse a aprendizaxe da lectura e a adquisición de hábitos lectores.

O sentido destas lecturas, o pracer que provoquen nos nenos e nenas, a emoción que lle produzan, o benestar que experimenten, o tono afectivo que rodee a situación de ler... marcarán, sen dúbida, a motivación dos nenos para aprender a ler. Así, a formación na lectura comprensiva esixe un traballo progresivo e continuado a través de textos literarios, expositivos, xornalísticos, publicitarios e gráficos.

Convén non esquecer os motivos polos que lemos:

- *para disfrutar*
- *para lembrar*
- *para aprender*
- *para informarnos*
- *para comunicarnos*
- *para expresarnos*
- *para opinar...*

Aínda así atopámonos coa dificultade de que a lectura ten moitos competidores que supoñen un menor esforzo mental: televisión, consola, ordenador...

Este **proxecto lector** xunto co **plan anual de lectura** garantirán a paulatina capacitación do alumnado nas competencias básicas que se pretende, e para isto, poñeremos as TICs ao seu alcance, para incidir en aspectos específicos destes soportes e linguaxes de cara a unha utilización eficaz, crítica e ética deles.

A misión do **proxecto lector** é posibilitar o salto cualitativo desde o SABER LER AO QUERER LER. Tarefa na que temos que participar toda a comunidade educativa, debendo ser os principais implicados os pais e os mestres.

## **2- ANÁLISE DA SITUACIÓN DA LECTURA E DA ESCRITURA NO CENTRO.**

### **2.1- Antecedentes**

A través dunha enquisa realizada decatámonos que os alumnos asocian o feito de ler e escribir co tempo estrictamente académico. En xeral non relacionan lectura e escritura con tempo de ocio e de lecer, polo que habitualmente non asocian este feito coa diversión.

A nivel de aula somos conscientes das carencias para a creación propia, tanto oral coma escrita. En xeral notamos falta de vocabulario e dificultades para redactar e para plasmar as súas vivencias e opinións a través da escritura.

É por eso que dende hai uns anos estamos procurando dinamizar dende a biblioteca algunhas das celebracións do colexio, recomendando lecturas axeitadas, celebrando sesións de lectura en voz alta, contacontos, realizando ciclos de lectura temática (medo, poesía, cómics... teatro) para atraer a atención dos alumnos e axudalos a descubrir o encanto dos libros.

Tamén establecemos primeiro de xeito voluntario e agora xa, con carácter xeral, a "HORA DE LER" dedicando un tempo fixo todos os días despois do recreo á lectura individual. (Ver horario)

HORARIO XUÑO - SETEMBRO		HORARIO OUTUBRO A MAIO	
9 - 9:50	1ª sesión	9:30 - 10:20	1ª sesión
9:50 - 10:40	2º sesión	10:20 - 11:10	2ª sesión
10:40 - 10:55	recreo	11:10 - 11.30	recre
10:55 -11:45	3º sesión	11.30 - 11:50	HORA DE LER
11:45 - 12:35	4ª sesión	11:50 - 12.40	3ª sesión
11:45 - 13:10	HORA DE LER	!2:40 - 14: 25	Pausa comida
		14:25 -15:20	4ª sesión
13:10 - 14:00	5ª sesión	15:20 - 16:15	5ª sesión

Identificamos este tempo facendo soar música clásica a través da megafonía do colexio. En ocasións, aproveitamos a HORA DE LER para facer actividades de promoción da lectura con distintos tipos de textos ou relacionados con celebracións concretas (Samaín, paz, poesía,...)

Neste tempo o tipo de lectura será voluntario e coidando de que non leve asociado as tarefas tradicionais de comprensión e resumo. Fomentaremos a presentación de libros que lle gustaron tanto de xeito oral como por escrito, lectura en voz alta para os compañeiros...

## **2.2-Datos da biblioteca.**

Para a posta en marcha do proxecto lector é fundamental o traballo da biblioteca escolar, que dende o curso 2009-10 está integrada no PLAMBE. Máis que nunca podemos asegurar que é realmente un centro de recursos de toda a comunidade educativa para atender as necesidades de todo o alumnado e compensar na medida do posible as dificultades que supón pertencer a un entorno con poboación moi dispersa, onde un libro pode acompañar un tempo importante de ocio.

Entre a biblioteca do centro e as bibliotecas de aula no colexio cóntase con aproximadamente uns 6.800 libros e 150 audiovisuais.

A biblioteca funciona facendo empréstitos e tamén como lugar de lectura ou de consulta, tendo unha afluencia de lectores que estamos mellorando coas novas técnicas de dinamización. O obxectivo último das actividades propostas polo EDBE será sempre o de facer da biblioteca un centro de referencia ao alcance de toda a comunidade educativa que pretende capacitar ao alumnado para ser autónomo na busca de información e fomentar o espírito crítico na elaboración da súa propia bagaxe cultural .

Cada titoría conta cunha hora semanal de biblioteca e tamén abrirá despois de comer e no recreo (segundo permita a organización do centro) para facilitar préstamos , devolucións e actividades puntuais de fomento da lectura.

Nun primeiro momento os préstamos facíámolos de xeito manual pero dende o curso 2008-09 estamos axilizando o funcionamento dos mesmos co programa MEIGA, algo co que están familiarizados tanto mestres como alumnos encargados

da biblioteca (alumnado do 3º ciclo).

O tipo de lecturas máis solicitadas varía moito segundo o ciclo e a celebración que se estea a realizar. Este ano, segundo a estatística, os máis empréstados foron: La novia cadáver, Benvidos ao castelo da rocha Rañicas e todos os de G. Stilton, El libro de los juegos de viaje. Destacar que na última temporada aumentou o préstamo de Banda Deseñada. Os alumnos e alumnas tamén empregan materiais de consulta relacionados coas distintas áreas (enciclopedias, atlas...), para realizar tarefas ou ampliar coñecementos propostos polos seus profesores.

En canto a lingua, os alumnos e alumnas len en galego e en castelán, pero nos ciclos superiores apreciase unha pequena preferencia polos textos en castelán.

Para o seu funcionamento cóntase cun representante de cada ciclo e un grupo de persoas de apoio que forman o **equipo de dinamización da biblioteca**.

Nos últimos anos realizamos un PFAC, grupos de traballo e acudimos as xornadas do PLAMBE e outros cursos de formación do profesorado para seguir mellorando a nosa biblioteca.

### **2.3- Fomento da lectura.**

Ademais das actividades cotiás que se realizan día a día na aula para fomentar a lectura, dende o colexio lévanse a cabo numerosas actividades nas que participan todos os nenos e nenas, actividades como:

- \* obras de teatro, teatro lido, títeres
- \* visita de autores, autoridades, avós, ...
- \* concertos didácticos (locais e autonómicos)
- \* visita a outras bibliotecas.
- \* conmemoración de datas especiais (Día do Libro. Semana das Letras Galegas, Semana da Prensa, Semana da Poesía... )
- \* edición dun xornal escolar "O lareteiro do xallas"
- \* presentación de lecturas favoritas.
- \* participación en concursos literarios convocados polo concello ou por outros organismos.
- \* utilización das mochilas viaxeiras.

## **3-OBXECTIVOS**

- Converter a BE nun centro de recursos e servicios para toda a comunidade educativa a nivel informativo, formativo e de ocio co fin de que favoreza o hábito lector.
- Proporcionar ao alumnado e a comunidade educativa (mestres, alumnos, pais e persoal non docente) as habilidades necesarias para acadar unha maior autonomía no uso dos recursos que lle ofrece a biblioteca integrando distintas fontes informativas en calquera soporte no tratamento dos contidos do currículo.
- Proporcionar apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe para facilitar a consecución das competencias de comunicación-lingüística, tratamento da información e competencia dixital, competencia para aprender a aprender e competencia cultural e artística.

#### **4- CONDICIÓNS PAR UNHA BOA LECTURA.**

Pola súa parte, os alumnos deben ir adquirindo os procedementos e os hábitos adecuados ás situacións de lectura:

- Ambiente favorable de silencio, concentración e postura axeitada.
- Participar activamente na lectura colectiva deixándose levar pola imaxinación e os sentimentos anticipándose ao que virá a continuación.
- Identificar dúbidas ou situacións que afecten á comprensión e ampliar despois da lectura con comentarios, suxestións, fantasías que asociou ... etc
- Comentario, crítica e opinións de forma constructiva por parte dos outros compañeiros/as.
- É importante coidar a pronunciación, ritmo, entoación e xesticulación adecuados .

#### **5- ACTIVIDADES**

Proporemos actividades que nos axuden a sistematizar:

- Formación na busca de información en distintos soportes e para tódalas áreas.
- Formación de educación crítica coa información obtida.
- Estratexias de comprensión.



- Estratexias para unha boa expresión escrita.
- Implicación das familias na importancia da lectura: mochilas viaxeiras, préstamos a pais, sesións de contacontos no centro, lectura dos nosos maiores...
- Editar trípticos con información sobre lecturas adaptadas a cada nivel.
- Charlas informativas cos pais sobre nocións para saber escoller un bo libro.
- Buscar relación co entorno a través da biblioteca municipal e outras asociacións, favorecendo o intercambio de experiencias.

En todas as materias curriculares se dedicará un tempo á lectura ademais do contemplado na Hora de Ler. Dentro das actividades, dedicamos unha atención especial ás rutinas, sobre todo en Educación Infantil e 1º ciclo son fundamentais.

A biblioteca propondrá cada curso un PLAN ANUAL que recollerá todas as actividades que favorezan a consecución dos obxectivos fixados, a través de estratexias como:

- Lectura en voz alta ou silenciosa.
- Lectura por parte do mestre ou mestra.
- Lecturas de textos con lagoas, incompletos...
- Reconstrucción de textos fragmentados ou desordenados.
- Relacionar ou clasificar textos distintos.
- Resúmen e identificación da idea principal.
- Interpretación de logotipos e símbolos gráficos.
- Lectura de imaxes soas ou secuenciadas.
- Relación texto, ilustración ou imaxe audiovisual.
- Dramatización e representación: texto, xesto e música.

## **6- AVALIACIÓN**

Realizarase unha avaliación continuada dos avances ou das diferencias entre a posta en marcha do proxecto e das súas concrecións nos plans anuais de lectura.

Como instrumentos desta avaliación contamos coa interpretación e lectura das enquisas feitas ao profesorado e alumnado. Tamén dispoñemos da información que nos proporcionan as consultas ao programa Meiga.

Os principais aspectos a ter en conta á hora de avaliar serán:

- A mellora do gusto pola lectura e a calidade da lectura adquirida.
- A amplitude de lecturas escollidas: ocio, información...
- Avance no uso das novas tecnoloxías.
- Mellora e ampliación de espazos de lectura de documentación
- Aumento de fondos e de recursos.

***Este proxecto pretende ser un marco de actuación a medio prazo tendo sempre como referencia as propostas da LOE nos artigos 19.2/24.7/25.5 (primaria e secundaria)***

- ***Sen perxuízo do seu tratamento específico nalgunhas áreas da etapa, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da comunicación e da información e a educación en valores traballaránse en todas as áreas.***